



Club Deportivo  
**FONTIÑAS**

## VIAXE ÁS MERINDADES- BURGOS

**SEMANA SANTA - 2018**

29 de Marzo-1 de Abril de 2018


O Club Deportivo Fontiñas programa para esta Semana Santa unha viaxe á comarca das Merindades no norte de Burgos, onde o Ebro e a Cordilleira Cantábrica configuraron unha paisaxe de singular beleza, con lugares como os vales de Mena e Valdivielso, Santa Gadea e Trespaderne.

A súa condición de espazo de transición bioclimática entre o mundo atlántico e o mediterráneo, creou unha variada e colorida paisaxe. Sucédense fértiles vales, estreitos desfiladeiros, encoros, páramos, faiais, aciñeirais, teixos milenarios, misteriosas cavidades, caudalosos ríos, desafiante cumes...

O prezo inclúe 3 noites de aloxamento a media pensión no "Hostal José Luis" situado en Trespaderne, cuartos dobres e guía de montaña coñecedor da zona con seguro de responsabilidade civil.

### Prazos de inscrición e pago:

Aberto o prazo de inscrición ata o 1 de Marzo. No momento da inscrición aboarase un sinal de 50 euros, dispoñendo ata o 1 de Marzo para aboar o resto, data límite ata a que se poderá dar de baixa por escrito (por e-mail ou presencialmente) recuperando o sinal e pago entregado. A partir de dita data, o sinal non se recuperará en ningún caso, e o resto das cantidades dependerá dos pagos adiantados que xa fosen realizados polo club ao hotel e empresa de transporte, e a posibilidade de recuperalos ou non.





comida na nosa mochila, cunha parada na ruta de 45min. Ás 14:30h iniciaremos unha ruta de sendeirismo pola Mesa de Oña, ascensión sinxela por frondosos bosques, con tempo para visitar o Mosteiro de San Salvador. Chegada ao hotel e cea ás 20:30h BUS 580 km-7h



### Venres 30: Ascenso ao monte La Flor e Umión

Desde Orbañanos faremos o ascenso a uns dos picos máis emblemáticos do norte burgalés, Pico Umión-1434 m e tamén monte La Flor 1338 m



As vistas desde a súa cimas compensan con moito o esforzo empregado xa que é a montaña máis alta en moitos quilómetros á redonda.



### Sábado 30: Parque natural de Valderejo

Desde Herrán coñeceremos o Parque Natural de Valderejo situado na provincia de Álava, cunha ampla colonia de voitres leonados. Espazoso val por onde discorre o río Purón, cercado por empinadas ladeiras que culminan en rocas cunha variada flora e fauna.

### Domingo 1: Polo bosque de Teixos milenarios

Bosque de Teixos milenarios no interior da "Tejeda de Tosande", onde poderemos



observar algúns exemplares magníficos desta especie arbórea. Hoxe están censados ao redor de 64 que se estima que pasan de 1.000 ou 1.500 anos. Bosque singular europeo



VIAXE ÁS MERINDADES  
SEMANA SANTA 2018

29 Marzo-1 Abril de 2018



Club Deportivo  
FONTIÑAS

### Xoves 29: Mesa de Oña

07:30h Saída en bus do C.S.C. Fontiñas, con roupa de montaña e provisión de



**VIAXE ÁS MERINDADES  
BURGOS**

**SEMANA SANTA - 2018**

29 Marzo-1 Abril de 2018

**PREZO: 262 euros**

**Socios sen federar: 274 euros**



Club Deportivo  
**FONTIÑAS**

**O prezo inclúe:**

- Autobús viaxe + excursións mencionadas no programa
- 3 noites de aloxamento a media pensión no HOSTAL JOSÉ LUIS
- Cuartos dobres
- Guía local de montaña

**IMPORTANTE**

- A orde, programa e horario das rutas poderán ser modificados polos guías, en función da climatoloxía e outros condicionantes, sempre en beneficio do grupo e da súa seguridade.
- No momento de iniciar a viaxe, poderá ser solicitado o xustificante de ter realizado o pagamento correspondente.
- Levar comida de ataque para a ruta do xoves que faremos de camiño.

**PRAZO DE INSCRICIÓN E PAGAMENTO**

Aberto o prazo de inscrición ata o 1 de Marzo. No momento da inscrición aboarase un sinal de 50 euros, dispoñendo ata o 1 de Marzo para aboar o resto, data límite ata a que se poderá dar de baixa por escrito (por e-mail ou presencialmente) recuperando o sinal e pago entregado. A partir de dita data, o sinal non se recuperará en ningún caso, e o resto das cantidades dependerá dos pagos adiantados que xa fosen realizados polo club ao hotel e empresa de transporte, e a posibilidade de recuperalos ou non.